



BASES DO CONCURSO

A sección de Noia da EOI de Santiago convoca un concurso de historias de medo para celebrar Halloween.

Quen pode participar?

Todo o alumnado de inglés e francés matriculado na sección de Noia.

Temática

Relatos de entre 100 e 200 palabras de temática de terror. Poden incluir elementos fantásticos (zombis, vampiros, etc.), escenarios reais ou aspectos más abstractos (psicolóxicos, imaxinarios, etc.). Haberá 3 categorías en base aos niveis de lingua: básico, intermedio e avanzado.



Participación

Os relatos entregaranse directamente ao profesor/a de cada aspirante.

Cada participante poderá achegar ata un máximo dun relato. A participación no concurso implica a aceptación das súas bases.

No documento incluirase a seguinte información:

Datos do autor/a (nome, apelidos e teléfono).

Título do relato.



Categoría na que se presenta (básico, intermedio ou avanzado)

Nome do/a profesor/a

Prazo

O prazo de presentación de relatos é do luns 21 de outubro ao luns 4 de novembro.





Requerimentos

1. Os relatos deben ter relación directa coa temática do concurso.
2. Os relatos deben estar escritos en lingua inglesa ou francesa.
 3. Os relatos deben ter entre 100 e 200 palabras.
4. Os relatos deben ser obra propia da autora ou autor que se presenta ao concurso.
5. Cada participante pode presentarse nun máximo dunha categoría (básico, intermedio ou avanzado).
 6. Poden presentarse relatos publicados ou inéditos.
 7. Descartaranse os relatos que inclúan falsificacións.
 8. Cada relato debe documentarse indicando o título, o nivel/categoría e o número de palabras.
9. Os relatos deben entregarse en formato papel ó profesor ou profesora responsable do grupo.
10. A EOI de Santiago queda eximida de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente relacionada coa propiedade intelectual na que poidan incorrer as persoas participantes.

Resolución

Os relatos serán valorados por un equipo formado polo profesorado da sección mediante votación.

O prazo de valoración dos relatos será do 4 ao 19 de novembro.

Os nomes das persoas gañadoras faranse públicos a través da páxina web da escola nos 3 días seguintes ao remate do prazo de valoración.

O concurso poderá quedar deserto se a calidade dos relatos non cumple uns requisitos mínimos.

Haberá un premio por categoría, que será entregado ás persoas gañadoras unha vez resoltas as votacións.

